

Unha produción de Teatro de Ningures

AS GARDIÁS ou o nó do tecido

de Nasser Djemai



Compañía asociada a



Escena Galega

Contratación



Concello de Cangas



Auditorio Municipal de Cangas



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

SINOPSE

O humilde piso de Rosa, nun vello edificio no corazón dun barrio popular dunha vila obreira, é o refuxio acolledor dunha tribo de catro mulleres maiores organizadas. Rosa (que se topa nunha cadeira de rodas) e as súas compañeiras, Ana, Marga e Susana, son operarias xubiladas da industria téxtil, e están decididas a preservar a súa independencia. Cando a filla de Rosa, Vitoria, propón trasladala a unha institución médica e vender o apartamento, comeza unha loita entre dúas visións do ben envellecer. Enfrontadas ás decisións de Vitoria, as vellas mulleres defenden o seu dereito a vivir xuntas e en liberdade e artellan unha serie de estratexias para convencer a Vitoria de que a súa é a postura mellor.

A peza, *As gardiás*, reflexiona sobre os coidados á vellez, contrastando o mundo das residencias protexidas co calor humano da familia e a comunidade. O autor, Nasser Djemaï, narra con sensibilidade a resistencia destas "gardiás" contra a inclemente modernidade. A través das vivencias destas mulleres, a peza explora o desexo de vivir e a solidariedade comunitaria, e nos interpela a todas as persoas sobre como, onde e con quen queremos envellecer.



AS GARDIÁS OU O NÓ DO TECELÁN

Autor: Nasser Djemaï

Dirección: Cristina Domínguez

Interpretación: Casilda Alfaro
Melania Cruz
Pepa Barreiro
Rebeca Montero
Sonia Rúa

Tradución: Henrique Harguindey

Adaptación: Vanesa Sotelo

Escenografía e vestiario: Carlos Alonso

Deseño gráfico, vídeo e fotografía: Diego Seixo

Espazo sonoro: Héctor Pazos

Iluminación: Héctor Pazos e Salvador del Río

Dirección de producción: Salvador del Río

Contratación: Lilian Portela

AMARELO Distribución

+34 610 106 808 / lilian@amarelo.es

AS GARDIÁS OU O DEREITO A DECIDIR COMO XESTIONAR A NOSA VELLEZ

Propósito dunha posta en escena para a compañía Teatro de Ningures



A posta en escena da obra de teatro "As Gardiás" deséñase co firme propósito de explorar, máis tamén desafiar, as percepcións sociais sobre a vellez e o dereito (ou máis ben a falta de dereitos) das persoas maiores a xestionar as súas vidas e a súa autonomía. A través do conflito entre a filla de Rosa, Vitoria, e as catro habitantes do pequeno piso de Rosa, a peza do autor Nasser Djemaï ofrécenos a oportunidade de reflexionar sobre o valor da comunidade, a solidariedade e o desexo de vivir con dignidade. A posta en escena quere aproveitar temas como a relación interxeracional, a independencia, e a loita contra a certo post-capitalismo que, sen piedade, non reconece o espazo e a voz das persoas maiores, relegándoas á subsistencia en lugares onde non poden decidir o xeito de pasar os derradeiros anos da súa vida.

Non é casualidade que unha compañía como Teatro de Ningures propoña unha produción como esta. Estamos a falar dunha compañía asentada nunha comarca populosa, que sempre participou dos proxectos sociais e políticos da súa contorna, activa en canto a levar a cabo proxectos educativos, artísticos, festivais, etc, que dun xeito ou doutro, responden ás necesidades sociais e culturais da veciñanza da súa comarca. Eles, aportan unha implicación no seu territorio que os fan estar en condicións de formular as preguntas e procurar as respostas que a peza está a propor, e coherencia coa traxectoria desenvolvida ao longo de décadas.

Por iso esta posta en escena, seguindo o exemplo da Compañía, quere ter en conta o local, a veciñanza a quen vai dirixida, sabendo que está a tratar un tema tan universal como é o envellecemento da poboación. Estamos diante de temas que resoan dun xeito comunitario e que poden crear un vínculo emocional importante entre ditos temas e o público. Este é outro xeito de prestar servizo á comunidade, desde a cultura e sen darlle as costas ao que acontece no noso territorio, provocando conversas que mesmo poden axudar a procurar solucións, ou polo menos a favorecer un debate emerxendo un conflito cada vez máis presente na nosa sociedade.

TEATRO DE NINGURES

A compañía



Teatro de Ningures, fundada en 1986, reúne unha serie de recursos técnicos, humanos e materiais que fan desta empresa unha das máis estables de Galicia e un punto de encontro indispensable para os profesionais e creadores desta zona, así como unha referencia no panorama teatral galego.

Ao longo de toda esta traxectoria leváronse a escena máis de 30 obras de teatro de autores tanto clásicos como contemporáneos, estando presentes nas redes e circuítos de distribución tanto de Galicia como a nivel nacional, en numerosos festivais, mostras e certames en Asturias, Madrid, Castela-León, Euskadi, Valencia, etc...

Teatro de Ningures mantén unha forte relación na comarca na que reside. Así, nos últimos anos levouse a cabo a produción do macroespectáculo A Defensa dá Vila. María Soliña, onde interveñen unhas 20 asociacións da zona (veciñais, culturais, tradicionais, musicais...) ademais de actores, bailaríns e músicos profesionais... máis de 150 persoas para recrear o mito da heroína local María Soliña.

Ademais de numerosos obradoiros de teatro organizados de forma puntual, a actividade docente de Teatro de Ningures céntrase na ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DE CANGAS, desde o ano 2007 ata a actualidade, máis de 100 matrículas por ano divididos en varias disciplinas diferentes, realizando unha estrea teatral cada ano. E tamén desde o ano 1999 Teatro de Ningures vén realizando unha actividade docente para a Universidade de Vigo nos Campus de Pontevedra e Vigo.

Ningures co-organiza dende a súa fundación en 1986, a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas e dende o ano 2002 a MITEU, Mostra Internacional de Teatro Universitario en Vigo e Pontevedra.

CONTACTO

CONTRATACIÓN

Lilian Portela
AMARELO Distribución
lilian@amarelo.es
+ 34 610 106 808
www.amarelo.es

NINGURES

Salvador del Río
654 464 360
teatrodeningures@gmail.com
www.teatrodeningures.gal



@teatrodeningures

www.instagram.com/teatrodeningures

www.facebook.com/teatrodeningures